

RESOLUCIÓN

Determinación dos festivos locais no termo municipal de Carballo do calendario laboral para o ano 2023. Aprobación.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade d Xunta de Galicia (registro de entrada núm. 20220000004684 do 27/07/2022) solicita dos concellos que sinalen os dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dentro do seu termo municipal. Visto o calendario laboral para o ano 2023 en canto as festas laborais na Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no DOG núm. 149 do 05/08/2022, e as festas de ámbito estatal, procede determinar as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no termo municipal de Carballo para o ano 2022. Tendo en conta que a vindeira sesión plenaria esta prevista para o vindeiro 05 de setembro, RESOLVO:

Primeiro.- Sinalar como datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do termo municipal de Carballo para o ano 2023, **os días 21 de febreiro e 24 de xuño de 2023**, Martes de Entroido e Festas Patronais de San Xoán Bautista, respectivamente.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno municipal na próxima sesión que celebre, como punto independente da orde do día.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretaria Accidental

Evencio Ferrero Rodríguez

Susana Mariño Lorenzo